



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: Actividades culturales. Inscripción Cabalgata Reis 2025

EXPEDIENTE: 2024/D001/000001

EXPEDIENTE DECRETO: 2024/G003/000565

Vista a proposta asinada dixitalmente que consta no expediente Tedec indicado sobre **ASUNTO: CREACIÓN DAS BASES PARA A PARTICIPACIÓN E SELECCIÓN DE COLABORADORES/AS NA CABALGATA DE REIS MAGOS 2025 DO CONCELLO DE CARRAL.**

EXPEDIENTE Tedec: 2024/D001/000001

Á vista do devandito informe proposta (que serve de motivación deste acto, de acordo co establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas) en uso das facultades outorgadas legalmente en aplicación do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases do Réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.-Aprobar bases para selección de participantes e colaboradores na cabalgata dos Reis Magos do ano 2025 en Carral adaptando determinados aspectos en relación á proposta :

BASES PARA A INSCRIPCIÓN E SELECCIÓN DE COLABORADORES/AS NA CABALGATA DE REIS MAGOS 2025

1. OBXECTO.

O obxecto de estas bases é regular a participación como figurantes de nenos e nenas na cabalgata dos Reis Magos 2025 do Concello de Carral, no seu percorrido polas rúas do municipio.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

2. PARTICIPANTES.

Poderán inscribirse todos os menores de idade nados entre o ano 2016 e 2018.

3. NORMAS DE PARTICIPACIÓN.

3.1 As nenas e nenos irán acompañados en todo momento por persoas adultas responsables que formen parte da Cabalgata e que velarán pola súa seguridade.

3.2 Terán preferencia as inscricións de nenos e nenas empadroados no Concello de Carral (realizarase unha comprobación de oficio no Padrón Municipal). No caso de quedar prazas libres poderían ser ocupadas por nenos/as non empadroados/as.

3.3 Os/as interesados/as (pai, nai ou titor/a legal do/a menor) deberán cumprimentar e asinar a folla de Inscripción e dar o seu consentimento para que o/a menor poida ser fotografado/a e/ou filmado/a (Anexo I), e que estará a súa disposición en www.carral.es, no rexistro municipal da Casa Consistorial, na Casa da Cultura (r/Paleo nº 17) e no Local interxeracional (r/ Alcalde Juan Seijas, nº 8, baixo). **Posteriormente deberá presentala no rexistro do Concello de Carral ou a través da sede electrónica do Concello de Carral (<https://sede.carral.es>) no apartado Actividades Culturais e Deportivas.**

3.4 Cada persoa poderá inscribir unicamente aos nenos/as que pertencen a súa unidade familiar.

3.5 Deberá presentarse unha solicitude por neno/a que desexe participar.

4. PRAZO.

O prazo de inscrición será desde o día seguinte o da publicación de decreto de aprobación de estas bases no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal sendo publicado tamén na web municipal (www.carral.es) ata ás 15:00 h. do 18 de decembro de 2024.

5. PRAZAS.

O número de prazas dispoñibles será de 15. No caso de que o número de solicitudes sexa maior que o número de prazas dispoñibles, realizarase un sorteo público.

6. SORTEO.

Unha vez finalizado o período de inscrición, procederase a elaboración de un listado cos/as participantes no sorteo que se publicará o 19 de decembro na páxina web do Concello (www.carral.es), e do que quedarán excluídos/as todos/as aqueles/as que non cumpran os requisitos establecidos no punto 2, podendo



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

presentarse as reclamacións que consideren no rexistro municipal dende o 20 de decembro ás 9:00 h. ata o 23 de decembro ás 15:00 horas . O listado provisional pasará a definitivo o 26 de decembro.

No caso de que fora preciso o sorteo público, este realizarase o 27 de decembro as 10:00 horas no salón de plenos do Concello de Carral, e publicarase o listado dos/as admitidos/as así coma o dos/as suplentes o seguinte día hábil na páxina web do concello.

Cando algún dos/as nenos/as seleccionados/as non pode asistir á Cabalgata, a persoa responsable deberá comunicalo con antelación, a fin de poder cubrir dita praza con algún/ha suplente. A non comunicación de dita ausencia suporá a imposibilidade de participación na cabalgata do vindeiro ano.

7. ORGANIZACIÓN DA CABALGATA.

As/os participantes acudirán acompañados da nai/pai/titor/a legal ó lugar previamente comunicado por parte dos organizadores da Cabalgata.

A duración do percorrido da Cabalgata de Reis de 2025, desde o comezo ata a chegada o campo da Feira será de aproximadamente 20 minutos.

A chegada será sobre ás 19: 00 h. ó Campo da Feira, momento no que o pai/nai, titor/a legal recollerá o/nenos/a participante na zona de aparcamento anexa.

8. CONFORMIDADE.

5.1 Co obxectivo de difundir esta campaña en vindeiras convocatorias e tamén garantir os principios de transparencia, accesibilidade da información e veracidade (artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno), recolleranse gravacións en vídeo e fotografías das persoas participantes na cabalgata de Reis 2025, as cales poderán ser empregadas como noticias contidas en xornais, publicacións e mesmo divulgadas tanto a través de servizos da sociedade da información como na páxina web do concello de Carral .

5.2 A participación na Cabalgata de Reis 2025 implicará a aceptación de estas bases.

ANEXO I

INSCRIPCIÓN-AUTORIZACIÓN MATERNO/PATERNA



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

D./Dña: _____, con DNI _____
tfn. _____ e correo electrónico _____
(pai/nai/titor/a) do menor _____,
nado/a o ____/____/____ con domicilio en _____,
autorízo/a a participar coma figurante na Cabalgata de Reis do 5 de xaneiro de 2025, organizada polo Concello de Carral e dou o meu consentimento á organización da actividade para que o/a menor participante poida ser fotografado/a e/ou filmado/a, entendendo que os documentos poidan ser publicados en medios de comunicación, web, redes sociais, etc.

POLITICA DE PROTECCION DE DATOS E NORMAS PARA A/O PARTICIPANTE NA ACTIVIDADE

1. De acordo co disposto na normativa vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámolo/a de que os datos facilitados por vostede, serán tratados polo Concello de Carral, coa finalidade de poder atender a súa solicitude, neste caso, a actividade en cuestión. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámolle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, solicitándoo, ben a través del correo electrónico a omix@carral.es, ou directamente, no Local Interxeracional do Concello de Carral.
2. Na actividade debese ter un comportamento axeitado, atender, respectar e aceptar as indicacións dos responsables da actividade (persoal municipal, persoal técnico, organización, monitores), que non perturbe os dereitos do resto dos participante, nin cause danos a bens alleos e o entorno.
3. É unha actividade organizada, polo que hai normas e responsables. Poderías ter que realizar tarefas de apoio e servizo ó grupo e á organización.
4. Adecúa a vestimenta e a equipamento á actividade na que vas a participar.
5. A participación no actividade supón a aceptación das presentes normas. O non cumprimento das mesmas podería supoñer a (auto)expulsión da actividade e/ou a imposibilidade de participar en futuras actividades da Concellería de Xuventude organizadas pola OMIX.
6. O/A asinante declara ter lido, acepta e comprométese a cumprir as condicións de inscrición e participación na actividade.

En Carral, a ____ de _____ de 202 ____.

Asinado: _____



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

SEGUNDO.- Publicar este decreto no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal así como na páxina web e dar conta o pleno na vindeira sesión que celebre.

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O Alcalde
Asdo.- Francisco Javier Gestal Pose

Dou fe, a Secretaria
Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez